



6ª RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES Encontros de Mariñán

A Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA), as Universidades de Santiago, Vigo e A Coruña e os Conservatorios Superiores de Música da Coruña e Vigo, veñen organizando desde o ano 2018 unha serie de actividades para xerar sinerxias entre os distintos centros de formación artística superior en Galicia.

A RESIDENCIA DE CREADORES E CREADORAS EMERXENTES (Encontros de Mariñán) é unha das mais salientables destas actividades. Consiste nunhas residencias artísticas que se celebran no Pazo de Mariñán (Bergondo) da Deputación da Coruña do 25 ao 28 de xuño de 2025.

Nela reúnense estudantes das institucións formativas implicadas para, traballando de forma conxunta, desenvolver in situ proxectos creativos de índole interdisciplinaria.

Cara aos encontros do 2025, ano no que a RAGBA homenaxea a Isaac Díaz Pardo e no que se cumpre o 75 aniversario do pasamento de Castealo, partindo das súas obras propónse como eido de reflexión común, tránsito ou chegada dos procesos de creación, a temática:

«Terra: materia e lugar».

Pazo de Mariñán - 25 a 28 de xuño de 2025